



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2024

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 13:33 horas do día 9 de outubro de 2024, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Don José Luis Ramudo Andión

Dona Marina Ramudo Graña,

Dona Ana Belén Seco Morado

Don César Valiña Irimia,

Dona Nicole Grueira Fernández

Don Enrique Rodríguez Rodríguez

Dona María Blanca Fernández Martínez

Non asiste, sen excusa:

Dona Sonia Cervantes Rivas

Secretaria da Corporación:

Dona María Rosa Antuña Carballés

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, do pleno ordinario celebrado en data 11 de setembro de 2024.

Polo señor Alcalde-presidente preguntábase aos señores/as concelleiros/as se teñen algunha cuestión en relación a acta que se somete a aprobación.

Sometida a votación queda aprobada por unanimidade.

2.- Renuncia do Concelleiro do Partido Popular don Enrique Rodríguez Rodríguez

Polo señor Alcalde- Presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

“Proposta de declaración de vacante por renuncia ao cargo de Concelleiro de Enrique Rodríguez Rodríguez





Tras ver o escrito presentado en data 16 de setembro de 2024, polo señor Concelleiro do grupo municipal do Partido Popular desta Corporación, Don Enrique Rodríguez Rodríguez, membro do Grupo Municipal do Partido Popular, polo que manifesta a súa renuncia ó cargo de Concelleiro.

Resultando que de conformidade co artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/86, do 28 de novembro), a renuncia é causa de perda da condición de Concelleiro.

Considerando que a declaración de vacante é competencia do Pleno; e de conformidade coa Instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, deberá indicarse o nome da persoa que, a xuízo desta Corporación, corresponde cubrir a vacante. Debendo comunicarse tal evento á Xunta Electoral de Zona, para os efectos de proceder a cubrir a vacante na forma prevista no art. 208.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

Vistos os artigos citados, e informe xurídico que obra no expediente, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de Concelleiro do grupo municipal do Partido Popular presentada por Don Enrique Rodríguez Rodríguez.

2º.- Declarar a vacante producida pola renuncia ao cargo do Concelleiro do grupo municipal do Partido Popular presentada por Don Enrique Rodríguez Rodríguez; correspondendo cubrir a vacante, a xuízo desta Corporación, a Dona María Graña González, por ser o seguinte na lista do Partido Popular nas pasadas Eleccións Locais do 28 de maio de 2023, de conformidade e co art. 15.2 da Lei Electoral, cesan no seu mandato cen días despois das eleccións, comunicalo á Xunta Electoral Central, para a súa provisión legal.”

Don Enrique Rodríguez Rodríguez intervéñ para que quede claro un par de cousas, “que son motivos basicamente profesionais, as que me impiden dedicar o tempo que creo se merece esta labor, digo esto porque algúns andan a enredar e dicindo cousas que nada ten que ver con esta renuncia é o que se chama normalidade democrática, e non ten nada mais, entón non é problema meu nin do meu grupo, senon das persoas que enredan, que pensen o que lles dea a gana.”

“A segunda cousa que é importante que quería dicir, este tempo lévome a experiencia de intentar aportar con equivocacións, seguro, polo menos mellorar a vida dos veciños con miñas ideas e as do meu grupo”.

O Sr Alcalde comenta “que inda que haxa diferenzas políticas, sempre tuven aberto a falar, sinto que se vaia, pero cando unha persoa tomou unha decisión pois é unha aceptación democrática e nada mais.”

A portavoz do representante e voceira do Partido Popular, Dona Nicole Grueira Fernández, di que “é unha decisión persoal e agradece o seu traballo durante todo este tempo na corporación, cando eu non estaba e tamén no tempo que estivemos e tamén aclarar que vai seguir traballando polos veciños, non na condición de concelleiro pero que vai seguir aí e grazas por todo neste tempo.”

Sometida a votación queda aprobado por unanimidade.





2. Desestimación solicitude arquivo por caducidade do expediente 131/2019 sobre expropiación forzosa en Milleirós presentada por Gustavo Osorio Fernández

Polo señor Alcalde- Presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Expediente número: 131/2019

Asunto: Expediente expropiación forzosa do “Proxecto estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea”.

Visto que en data 3 de setembro de 2024, ten entrada no Rexistro Central do Concello de Pol escrito presentado don Gustavo Osorio Fernández no que solicita o arquivo por caducidade do expediente 131/2019 de expediente de expropiación forzosa do “Proxecto estrada municipal de Eirexe a Valincovo pasando por Aldea.

Visto o informe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo á solicitude de arquivo por caducidade do expediente 131/2019 do seguinte tenor literal:

“En fecha de 03/09/2024, D. Gustavo Osorio Fernández, presentou en el Concello de Pol una “**SOLICITUDE DE ARCHIVO POR CADUCIDADE DO EXPEDIENTE 131/2019 SOBRE EXPROPIACIÓN FORZOSA EN MILLEIRÓS**”. Al respecto de dicha solicitud procede **INFORMAR:**

1. Que se acordou a aprobación do proxecto técnico denominado: “**PROYECTO DE CARRETERA MUNICIPAL DE EIREXE A VALINCOVO PASANDO POR ALDEA**” en el Pleno del Concello de Pol, el día 12/11/2021, estando expuesto al público durante 20 días hábiles, sin alegación alguna y quedando, en consecuencia, **definitivamente aprobado el día 28/07/2022**.
2. Que el Pleno del Concello de Pol, en sesión extraordinaria, el día 30/09/2022, acordou a **aprobación del inicio de expediente expropiatorio** para la adquisición de los bienes afectados por la ejecución de la obra del proxecto técnico previamente referido.
3. Que dicho **expediente expropiatorio** se sometió a **información pública, anunciada** en el BOP de Lugo el día 02/05/2024, en la Sede Electrónica del Concello de Pol el día 28/06/2024 y en La Voz de Galicia, el día 29/06/2024. Dicho **trámite de información pública finalizó el día 19/07/2024**.
4. Que la **presente solicitud**, presentada en el Concello de Pol, el día 03/09/2024, se **presentó fuera de los plazos de información pública**, anteriormente citados, por lo que se informa que procede su **DESESTIMACIÓN.**”

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **acordos:**

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de arquivo por caducidade do expediente 131/2019 efectuada por don Gustavo Osorio Fernández á vista do informe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo.

SEGUNDO.- Continuar co expediente expropiatorio cuxo inicio se aprobou na sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Pol de data 30/09/2022.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado con indicación dos recursos pertinentes.”

Sometida a votación queda aprobada por 5 votos a favor do (PSOE), 1 en contra (BNG) e unha abstención do Partido Popular.





4. Dar conta dos Decretos de alcaldía de datas comprendidas entre o 5 de xullo de 2024 ata o 4 de outubro de 2024, ambos inclusive.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Alcaldía dende o 7 de outubro de 2023 ata o 4 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.

O Pleno do Concello queda enterado.

3.- Asuntos de urxencia se os houbera.

Non houbo asuntos de urxencia.

4.- Rogos e preguntas.

Comenta o Sr Alcalde “que por motivos de miña axenda solo vai contestar a seis preguntas a cada grupo, ¿vale?”

A representante e voceira do Partido Popular, Dona Nicole Grueira Fernández, expón as seguintes cuestións:

1) “A primeira sobre a área educativa sobre que os nenos do cole están sufrindo bastantes problemas, teñen un pavillón que non está para usar, se mollan, logo quitoulles o servizo de conserxe, que levaba a cabo un peón municipal e logo acaba de quitar o servizo de desratización, queremos que nos expliques o motivo de esas decisións?2

Responde o Sr. Alcalde “que a pregunta da desratización fagámola por escrito. Vamos a ver, lle contesto no próximo pleno.”

–“Isto no se fai así, estamos preguntándolle, dixo que había seis preguntas, estamos facendo a nosa labor de oposición, e tenme que contestar. Estou preguntando polos servizos do cole”.

–“A decisión de retirar unha persoa de alí, é porque non é conserxe”. Responde o Sr Alcalde

–“A competencia é municipal, hai un acordo donde o di, sinon llo remito. E que leva bastantes anos para sabelo”. Responde a Sra. Grueira.

–“Polo tanto o da desratización contéstolle no seguinte pleno, en canto ao conserxe non temos persoal suficiente, e voulle recordar unha cousa que non é obrigatorio dar ese servizo, e os xurídicos determinarán si é obrigatorio o non, hasta que me obrigue un xuíz si, si me obriga si.”

Intervén Dona Blanca “que sí é obrigatorio o servizo de conserxe.”

–“Que conste en acta que non está contestando a ningunha pregunta”. Aclara a Sra. Grueira.

2) “Servizos básicos. As pistas están todas sen arranxar, sen desbrozar, hai pistas sen desbrozar como na parroquia de Pol”.





Responde o Sr. Alcalde, “que está a pelota no tellado da Conselleira de Agricultura, fale con ela. Que estiven con ela fai quince días, e díxenlle que non tocaba nada, que o fagan eles”.

- “¿Como vai arreglar as pistas do concello que están todas sen arreglar, acaba de comprar un autobús, por donde vai meter o autobús?”.

-“Tan moi ben as pistas”. Responde o Sr. Alcalde. “Á pregunta dos baches, según teña cartos vai arreglándose.”

-“¿Cando hai cartos’, que a situación do concello é crítica, xa que temos unha débeda moi elevada. ¿Como vai arranxar as pistas?” Pregunta a Sra. Grueira.

- “Segundo teña diñeiro vou actuando nos baches”, aclara o Sr. Alcalde.

3) “Situación económica do concello, terceira pregunta ¿Como ten previsto subsanar esa débeda, e porque sigue gastando en cousas que non é unha necesidade en vez de arranxar o que é unha necesidade para todos os veciños?”.

- Reponde o Sr. Alcalde “que si quer facer a política que facedes ustedes. O autobús costou 17.000 euros”.

- “¿Ou custou mais de 17.000?”.

- “¿Non viu a factura?”.

- “Nosotros pedimos acceso ao expediente do autobús según informes esa compra se realizou sen trámites legais oportunos, acabo de rexistrar ese escrito”.

- “Xa se lle contestará”, responde o Sr. Alcalde.

- “¿Para que vimos aos plenos?. Si é todo xa se che contestará”, pregunta a Sra. Grueira.

4) “A cuarta pregunta é sobre a situación crítica do concello, está custando que os traballadores cobren ao final do mes”.

- “¿Algún traballador queixouse?”

- “Non só os traballadores do concello, senón todo o pobo”.

- Os traballadores cobraron todos os meses, non desprestixeis ao concello, o concello ten uns servizos básicos como é a lei da dependencia, o de axuda no fogar, o dos nenos, o da infancia, a residencia. Temos auga, a luz, os plásticos. Damos un servizo. ¿Quen nos da o diñeiro?, ¿Que da a Xunta de Galicia?, ¿Que da Xunta a cambio?, pagar as horas a 12 euros”.

- “¿Canto paga o estado? que da 2.50 e Galicia 12 euros. Reclamalle ao estado”, intervén a Sra. Grueira.

5) “Os informes económicos advirten da situación económica, advirte de que o persoal ten risco á hora de cobrar os seus soldos e a sustentabilidade dos servizos básicos. A situación do concello é crítica”.

Responde o Sr. Alcalde que “iso está contestado, seguinte pregunta”.

6) “Tema presupostos que están prorrogados desde 2022. Estamos sen crédito orzamentario. Non estamos funcionando. O Concello non funciona”.





Responde o Sr. Alcalde que “no seu momento xa se dirá cando se aproben2.

-“Que conste en acta que se lle está preguntando ao Sr. Alcalde e non se está tendo ningunha resposta, de todas as preguntas que fixen non hai resposta, que conteste ao que se che pregunta”. Di a Sra. Grueira. “Nos vamos seguir reclamando o que se deba facer neste concello como labor da oposición e instar que faga seu labor como alcalde e pensando nos intereses dos veciños, e deixando os intereses personais, así demostra ese investimento nun servizo que non trae mais beneficios. Non hai mas preguntas porque como non vai a contestar a ningunha”.

Acto seguido, comeza a quenda de preguntas da representante do BNG, Dona María Blanca Fernández Martínez:

1) “¿Cando se vai amañar o polideportivo do colexio?, ¿Hai un prazo de execución destas obras.?, Había un convenio firmado coa Deputación2.

- “Vamos a recibir según fagamos as obras, certificamos e pagamos e recibimos 228.000 euros da Deputación”.

- “Explícame porque non son moi dada en temas económicos, ¿que significa a xeración de créditos de data de 2 de setembro de 2024, entre outros vai ese Convenio con a deputación, eso quere dicir que vai ir para pagar outras cousas?

- “Non, aquí pasa as mañás vendo os decretos e non se entera de nada, aquí hai un documento que é un convenio que se firma coa Deputación Provincial e está avalado por unhas memorias que fixeron os técnicos, e van facerse e polo tanto é un convenio e non hai outra factura que se poida pagar”.

- “¿E cando se vai executar? Porque aí vai o tema do polideportivo, do cerre ía en ese convenio”.

- Responde o Sr. Alcalde, que “¿a cal se refire?”.

- “O que vai para una pista que quer que veñan a xogar o Madrid, o Barcelona ao baloncesto. Aquí neste concello por desgraza son persoas maiores e non van a xogar ao baloncesto e no colexio hai 43 nenos. Por favor, pido que se cerre o polideportivo, porque os nenos non teñen que estar metendo os pes nas charqueiras e os profesores porque teñen que telos encerrados no colexio”.

- Vou contestarlle con algo similar, pídolle ao BNG que está gobernando na Deputación que arranxe o pavillón do Breogán que é vergonzoso o que pasou o outro día, dona Blanca que nos coñecemos, debería de darlle vergonza que se suspenda algún partido”.

- “A min me da vergonza que a débeda do Concello de Pol sexa inasumible, fixen as contas, ¿sabes canto tería que pagar un habitante de Pol para asumir a débeda.? Pero mais de 2.000 mil euros incluídos os anciáns e os nenos, para pagar a débeda deste Concello”. Responde a Sra. Fernández.

- Responde o Sr. Alcalde que “nada, hai débedas que van hasta o 2035”.

- “A cuestión non é endebedar ao concello”, intervén a Sra. Grueira.

- “Estamos traballando para adxudicar esas obras, ben por administración e non hai xente que veña mañá a facer o cerre”.

- “¿Cal é o prazo de execución?” Pregunta a Sra. Fernández.

- “Hasta setembro do ano que ven. Si forais sensatos cando finalicen será unha gran obra. Pol está en todo o mapa nacional”. Responde o Sr. Alcalde.





2) “É verdade que a brigada de obras deste concello estivo traballando nunha traída de augas para fincas agrícolas en San Martiño propiedade da súa familia?”

- Responde o Sr Alcalde, “¿Cómo? ¿Cómo?”

Se repite a cuestión.

- “Non a auga vai para calquera veciño que a pida. Unha empresa non tiña capacidade suficiente, nosoutros cando non chega o diñeiro para terminar a obra nosoutros facemos parte. Cambiamos unha tubaría de 75 por unha de 90 por mais atmosfera, porque o técnico que fixo o proxecto equivocouse, con esa capacidade non subía a auga arriba”, responde o Sr. Alcalde.

- “¿E tendo unha obra contratada porque vai a traballar a brigada?”, pregunta a Sra. Fernández.

- “Porque os obreiros do concello limparon e taparon a tubaría e limparon as cunetas, ¿quen fixo o rego? Amador, ¿quen paga a Amador?, a empresa. Amador facturou á empresa, por iso non podes ver facturas de Amador.”

3) “¿Cando se vai levar a traída de augas a Torneiros? Creo que é a única parroquia do Concello de Pol que non ten unha traída pública, isto é certo? Hai mais como Caraño”.

- Responde o Sr. Alcalde “que en Torneiros encargouse un proxecto hai tempo, vaiselle presentar a Augas de Galicia e de o ok, hai auga, posiblemente antes da primavera temos a contestación”.

4) “Vostede que alardea de que non cobra do concello, pero as últimas dietas que presentou, como gastos de representación aproximadamente de seis meses, foron de 4.110,09 euros, fundamentalmente en comidas, pero comidas en Melide, na Fonsagrada, Meira, Sarria, non so menús do día polo xeral. Eu creo que a economía do concello non da para pagar estas dietas”.

- Responde o Sr. Alcalde que “multiplicado por dous dan 16.000 e tiña aprobado polo Pleno 18.000 euros, entonces fago ben as cousas, non lle costo un duro ao concello”.

“¿Pero que lles costo aos veciños, teño un salario? Vou seguir na mesma línea.” Aclara o Sr. Alcalde.

- “Bueno iso xa é outro tema , costa moito que está arruinando ao Concello, de porque non ten un salario, non vamos a entrar aí que non é conveniente, iso é outro tema. O que non pode ir pola provincia adiante, por Galicia adiante, comendo o que lle da gana e comer entrecots e que haxa veciños que lles costa chegar o que sen estar sen pista sen asfaltar, os nenos mollándose mentres xogan mentres vostede come entrecots pola provincia adiante, iso non é normal”, intervén a Sra. Grueira.

- Responde o Sr. Alcalde “que como con as autoridades, entendes? Xa está”.

- “Pero as autoridades tan importantes tiñan que pagarlles a usted o ser un concello que está tan mal de cartos”, responde a Sra. Fernández.

- “Hai que ter un pouco de sentidiño.” Responde a Sra. Grueira.

- Lle contesta o Sr. Alcalde, “tampouco vostede merece o que cobra no Parlamento, non merece nin a metade, e sen embargo cobra seis mil euros”.

- “Aquí non estamos debatendo a meu soldo, porque ao concello non lle costo nada, porque non lle estou custando nada ao concello”, aclara a Sra. Grueira.

5) “No Concello de Pol, ¿pódense empezar a facer obras privadas sen licenza municipal?”





- Responde o Sr. Alcalde si usted me di “que vostede empeceu unha obra privada sen licenza.”
- “Pero este caso é de un familiar seu, o meu era cerrar unha terraza único e exclusivamente. Incluso está legalizada a casa que hai moi poucas neste concello”, aclara a Sra. Fernández.
- O Sr. Alcalde contesta que “non sei quen empeza, nosoutros mentres non se demostre o contrario non temos porque dicir si empezaron con ou sen ela”
- “¿E podes utilizar persoal ou maquinaria do Concello para obras privadas?”, Pregunta a Sra. Fernández.
- “Algúns si”, responde o Sr. Alcalde, “poñemos auga xunto a casa, son obras privadas”.
- “¿E esta de que lle estou a falar, da súa familia?”.
- “Xa lle contestaremos ao escrito por escrito que solicitou ao Concello.”

6) “¿Hai algún convenio asinado polo Concello de Pol?”

- “O ano pasado si, e esta temporada non, firmouse un convenio de 50.000 euros, e duran a anualidade de este ano, hasta o 31 de decembro de este ano. Non é por temporada, xa que o concello non vai por temporadas, non é así, porque o presuposto do concello é 2024, e para o ano que ven xa se firmará outro”, responde o Sr. Alcalde.

A representante e voceira do Partido Popular, Dona Nicole Grueira Fernández, expón os seguintes ROGOS:

- “Solución aos nenos do Pavillón.
- Que reactive de novo o servizo de conserxería.
- Que comece a arranxar as estradas, pistas, que é unha necesidade e que deixe de seguir comprando inmobles que non son necesarios, para telos parados ou se cuestione o seu funcionamento como é o supermercado e segue funcionando.
- Que deixe de estar gastando pola provincia adiante o diñeiro de todos os veciños.”

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos do día sinalado ut supra, de todo o cal como Secretaria, dou fe.

